



## Concello de Viveiro

---

### ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA DEZAOITO DE DECEMBRO DE 2017. EXPTE. 6961/2017.**

#### **ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA  
D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL  
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ  
D<sup>a</sup>. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

#### **INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:**

D. SERGIO AGUADO DELICADO

#### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup>. MARILUZ BALSA RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 18 de decembro de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D<sup>a</sup>. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusa verbalmente a súa asistencia os concelleiros, D<sup>a</sup>. María Isabel Rodríguez López e D. Emilio Villarrea Méndez.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo

---

### Concello de Viveiro



## **Concello de Viveiro**

---

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN LEVADA A CABO O DÍA 11-12-17.**

Non existindo ningunha obxección, procédese á aprobación da acta da sesión de 11 de decembro de 2017.

### **2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.**

#### **RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Por parte da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, que se corresponden cos seguintes expedientes: EXPTE. 6384/2017.- EXPTE. 2836/2017.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

### **3.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS.**

#### **EXPTE. 6957/2017. CLUB DE PIRAGÜISMO VIVEIRO.**

Vista a proposta do Concelleiro de Deportes para a aprobación do Convenio co Club de Piragüismo de Viveiro, ano 2017, adxuntando modelo de convenio de colaboración a asinar entre o Concello de Viveiro e o Club de Piragüismo de Viveiro, ano 2017, para a concesión da subvención nominativa.

Visto o informe de Intervención, de carácter favorable, no que se recolle que se trata dun convenio de colaboración polo que se concede unha subvención nominativa para a realización das actividades descritas no corpo do Convenio, co Club de Piragüismo de Viveiro, sinalando que a aplicación orzamentaria para a cantidade proposta de 1.500,00 euros é a 3400-48910, manifestando a existencia de dita consignación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención nominativa co Club de Piragüismo de Viveiro, prevista nominativamente no orzamento para o

---

## **Concello de Viveiro**





## Concello de Viveiro

---

exercicio 2017, por importe de 1.500,00 euros, nos termos recollidos no modelo de convenio que acompaña á proposta do Concelleiro de Deportes.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados ós efectos de proceder á sinatura do referido convenio.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Tesourería e Intervención para o seu coñecemento e efectos.

### **4.- CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN.**

#### **EXPTE. 5668/2017.- XUNTA DE COFRADÍAS DA SEMANA SANTA DE VIVEIRO.**

Vista a proposta da Alcaldía para a aprobación da conta xustificativa e resto de subvención á Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro, por importe de 25.000,00 euros.

Visto que en data 18 de setembro de 2017 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar un Convenio de colaboración entre este Concello e á Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro, durante o ano actual e por importe de 25.000,00 euros.

Resultando que na exposición dos antecedentes e no punto primeiro dese convenio indicase que :

“(..)

No obstante poderase anticipar ata un 90% sen necesidade de xustificación previado gasto e sen constituir ningún tipo de garantía. Isto é así, pola necesidade de afrontar gastos diversos (organización, publicacións, montaxe, bandas, exposicións, etc..) previos á celebración do evento.

(...)”

Visto que en data 9 de outubro de 2017, a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar o anticipo estipulado correspondente á subvención do ano actual entre este Concello e a Asociación por importe de 22.500,00 euros.

Visto que en data 29 de novembro co número de entrada 2017-RC-E-7618 a citada asociación aporta a documentación para xustificar a totalidade do importe do convenio de 2017, e recibir o resto da subvención.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación orzamentaria na aplicación 3340-48905 do presuposto de 2017 e que a entidade entregou a documentación xustificativa é formalmente correcta, indicando que procede aprobar a conta xustificativa e o resto da subvención acordada, de

---

### Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

2.500,00 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa por importe de 25.000,00 euros e o resto da subvención acordado de 2.500,00 euros á Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro, para o ano 2017, con cargo á aplicación 3340-48905.

Segundo.- Antes do pago acreditarase por parte do beneficiario que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e comprobarase que non existen débedas en vía executiva co Concello de Viveiro.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

### **EXPTE. 5671/2017.- VIVEIRO, C.F.**

Vista a proposta da concellería de deportes para a aprobación da conta xustificativa e resto de subvención ao Viveiro, C.F., por importe de 20.000,00 euros.

Visto que en data 2 de outubro de 2017 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar un Convenio de colaboración entre este Concello e o Viveiro, C.F., durante o ano actual e por importe de 20.000,00 euros.

Resultando que na exposición dos antecedentes e na cláusula primeira dese convenio indicase que :

“(..)

Da citada cantidade aprobada poderase anticipar mediante anticipo, o 90% con dispensa de garantía..... Isto é así, pola necesidade de afrontar gastos dende o principio da tempada...

(...)”

Visto que en data 9 de outubro de 2017, a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar o anticipo do 90% correspondente á subvención do ano actual entre este Concello e a Asociación por importe de 18.000,00 euros.

Visto que en data 29 de novembro co número de entrada 2017-RC-E-7614 a citada asociación aporta a documentación para xustificar a totalidade da cuantía do convenio de 2017, e a solicitude do resto da subvención pendente, isto é 2.000,00 euros.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación orzamentaria

---

### Concello de Viveiro





## Concello de Viveiro

---

na aplicación 3400-48910 do presuposto de 2017 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa por importe de 20.000,00 euros e o resto da subvención acordado de 2.000,00 euros ao Viveiro, C.F., para o ano 2017, con cargo á aplicación 3400-48910.

Segundo.- Antes do pago acreditarase por parte do beneficiario que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e comprobarase que non existen débedas en vía executiva co Concello de Viveiro.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

### **EXPTE. 6968/2017.- ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES BEIRAS DE VIVEIRO.**

Vista a proposta da concellería de facenda para a aprobación da conta xustificativa da subvención á Asociación de Comerciantes Beiras de Viveiro, por importe de 2.000,00 euros.

Visto que en data 18 de setembro de 2017 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar un Convenio de colaboración entre este Concello e á Asociación de Comerciantes Beiras de Viveiro, durante o ano actual e por importe de 2.000,00 euros.

Resultando que na Cláusula primeira establece que "*O Concello de Viveiro aportará á entidade ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES BEIRAS DE VIVEIRO a cantidade de 2.000,00 euros con cargo á aplicación 4300-48930 polos gastos realizados e a xustificar do ano 2017*".

Visto que en data 27 de novembro co número de entrada 2017-RC-E-7529 aporta a documentación xustificativa e solicita a subvención concertada para o ano 2017 de 2.000,00 euros.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación orzamentaria na aplicación 4300-48930 do presuposto de 2017 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención, indicando que procede aprobar a conta xustificativa de 2.000,00 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida á Asociación de Comerciantes Beiras de Viveiro, para o ano 2017, por importe de 2.000,00 euros, con cargo á aplicación 4300-48930.

Segundo.- Antes do pago acreditarase por parte do beneficiario que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e comprobarase que non existen débedas en vía executiva co Concello de Viveiro.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

### **EXPTE. 7019/2017.- A.D. SAN ROQUE.**

Vista a proposta da concellería de deportes para a aprobación da conta xustificativa da subvención á A.D. SAN ROQUE, por importe de 1.500,00 euros.

Visto que en data 2 de outubro de 2017 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar un Convenio de colaboración entre este Concello e á A.D. SAN ROQUE, durante o ano actual e por importe de 1.500,00 euros.

Visto que en data 29 de novembro co número de entrada 2017-RC-E-7608 aporta a documentación xustificativa e solicita a subvención concertada para o ano 2017 de 1.500,00 euros.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación orzamentaria na aplicación 3400-48910 do presuposto de 2017 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención, indicando que procede aprobar a conta xustificativa acordada, de 1.500,00 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida á A.D. SAN ROQUE, para o ano 2017, por importe de 1.500,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910.

Segundo.- Antes do pago acreditarase por parte do beneficiario que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e comprobarase que non existen débedas en vía executiva co Concello de Viveiro.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

---

## Concello de Viveiro





## Concello de Viveiro

---

### **EXPTE. 6956/2017.- CLUB CICLISTA DE VIVEIRO.**

Vista a proposta da concellería de deportes para a aprobación da conta xustificativa da subvención ao CLUB CICLISTA DE VIVEIRO, por importe de 3.000,00 euros.

Visto que en data 20 de novembro de 2017 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar un Convenio de colaboración entre este Concello e o CLUB CICLISTA DE VIVEIRO, durante o ano actual e por importe de 3.000,00 euros.

Visto que en data 30 de novembro co número de entrada 2017-RC-E-7622 aporta a documentación xustificativa e solicita a subvención concertada para o ano 2017 de 3.000,00 euros.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación orzamentaria na aplicación 3400-48910 (Subvenciones deportivas nominativas) do presuposto de 2017 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención, indicando que procede aprobar a conta xustificativa acordada, de 3.000,00 euros. Sinálase no informe que a entidade declarou estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao CLUB CICLISTA DE VIVEIRO, para o ano 2017, por importe de 3.000,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910.

Segundo.- Antes do pago deberá verificarse de novo que o beneficiario se atope ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e comprobarase que non existen débedas en vía executiva co Concello de Viveiro.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

### **EXPTE. 5665/2017.- BANDA DE MÚSICA "O LANDRO".**

Vista a proposta da Alcaldía para a aprobación da conta xustificativa da subvención á BANDA DE MÚSICA "O LANDRO", por importe de 25.000,00 euros.

Visto que en data 18 de setembro de 2017 a Xunta de Goberno Local

---

**Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



## Concello de Viveiro

---

acordou aprobar un Convenio de colaboración entre este Concello e a BANDA DE MÚSICA "O LANDRO", durante o ano actual e por importe de 25.000,00 euros.

Resultando que na exposición do punto primeiro e quinto dese convenio indicase que :

"(..)

Na exposición do punto primeiro e quinto dese convenio indicase que "O Concello de Viveiro para darlle continuidade a liña de colaboración... ten previsto unha subvención nominativa... por un importe de 25.000,00 euros....con cargo á partida orzamentaria 3340-48901. Non obstante poderase anticipar ata un 90%, sen necesidade de xustificación previa do gasto, e sen constituir ningún tipo de garantía"

(...)"

Visto que en data 9 de outubro de 2017 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o anticipo estipulado correspondente á subvención do ano actual entre este Concello e á asociación de 22.500,00 euros.

Visto que en data 30 de novembro co número de entrada 2017-RC-E-7631 aporta a documentación xustificativa e solicita a liquidación da subvención concedida.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación orzamentaria na aplicación 3340-48901 do presuposto de 2017 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa pola totalidade e resto da subvención pendente á BANDA DE MÚSICA "O LANDRO", para o ano 2017, por importe de 2.500,00 euros, con cargo á aplicación 3340-48901.

Segundo.- Antes do pago acreditarase por parte da entidade que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e comprobarase que non existen débedas en vía executiva co Concello de Viveiro.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

### **EXPTE. 7031/2017.- VIVEIRO SURFING FAMILY**

Vista a proposta da concellería de deportes para a aprobación da conta xustificativa da subvención á entidade deportiva Viveiro Surfing Family, por importe de 1.500,00 euros.

---

**Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147





## Concello de Viveiro

---

Visto que en data 20 de novembro de 2017 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar un Convenio de colaboración entre este Concello e á entidade deportiva Viveiro Surfing Family, durante o ano actual e por importe de 1.500,00 euros.

Visto que en data 11 de decembro co número de entrada 2017-RC-E-7857 aporta a documentación xustificativa e solicita a liquidación da subvención concedida.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación orzamentaria na aplicación 3400-48910 do presuposto de 2017 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa á entidade deportiva Viveiro Surfing Family, para o ano 2017, por importe de 1.500,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910.

Segundo.- Antes do pago acreditarase por parte da entidade que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e comprobarase que non existen débedas en vía executiva co Concello de Viveiro.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

### **EXPTE. 7030/2017.- CLUB DE BALONCESTO VIVEIRO.**

Vista a proposta da concellería de deportes para a aprobación da conta xustificativa da subvención ó Club de Baloncesto Viveiro, por importe de 6.000,00 euros.

Visto que en data 2 de outubro de 2017 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar un Convenio de colaboración entre este Concello e ó Club de Baloncesto Viveiro, durante o ano actual e por importe de 6.000,00 euros.

Visto que en data 7 de decembro co número de entrada 2017-RC-E-7811 aporta a documentación xustificativa e solicita a liquidación da subvención concedida.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación orzamentaria na aplicación 3400-48910 do presuposto de 2017 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa ó Club de Baloncesto Viveiro, para o ano 2017, por importe de 6.000,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910.

Segundo.- Antes do pago acreditarase por parte da entidade que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e comprobarase que non existen débedas en vía executiva co Concello de Viveiro.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

### **EXPTE. 7025/2017.- CLUB DE FÚTBOL SALA CIDADE DE VIVEIRO.**

Vista a proposta da concellería de deportes para a aprobación da conta xustificativa da subvención ó Club de Fútbol Sala Cidade de Viveiro, por importe de 1.500,00 euros.

Visto que en data 20 de novembro de 2017 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar un Convenio de colaboración entre este Concello e ó Club de Fútbol Sala Cidade de Viveiro, durante o ano actual e por importe de 1.500,00 euros.

Visto que en data 15 de novembro co número de entrada 2017-RC-E-7278 aporta a documentación xustificativa e solicita a liquidación da subvención concedida.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación orzamentaria na aplicación 3400-48910 do presuposto de 2017 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa e ó Club de Fútbol Sala Cidade de Viveiro, para o ano 2017, por importe de 1.500,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910.

Segundo.- Antes do pago acreditarase por parte da entidade que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e comprobarase que non existen débedas en vía executiva co Concello de Viveiro.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos

---

## Concello de Viveiro





## Concello de Viveiro

---

Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

### **5.- LICENZAS URBANÍSTICAS.**

#### **EXPTE. 5323/2017.- SEGREGACIÓN DE LOCAL COMERCIAL E AGREGACIÓN A OUTRO LOCAL.**

Visto que D. Emilio Casariego Carballés e D<sup>a</sup> Dolores Vales Taboada presentan en data 19 de setembro de 2017 escrito no que solicitan autorización administrativa para levar a cabo a segregación de parte da superficie dun local para agregar a outro local, sitos na Rúa Pastor Díaz, Viveiro.

Presentan memoria descriptiva das operacións indicadas, así como planos correspondentes redactados polo arquitecto, D. José Díaz López.

Segundo se manifesta na memoria presentada trátase de dous locais, un actualmente destinado a oficina de farmacia en servizo e outro que estaba destinado a tenda de roupa. O local destinado a farmacia conta na actualidade cunha superficie de 102,05 metros cadrados, e o local que estaba destinado a venda de roupa cunha superficie de 101,26 metros cadrados.

A segregación pretendida consiste en segregar do local destinado a tenda de roupa una porción de 29,76 metros cadrados para unir co local destinado a farmacia.

Unha vez realizada a segregación e agregación o local destinado a farmacia pasaría a ter una superficie de 131,81 metros cadrados e o local destinado a tenda de roupa una superficie de 71,50 metros cadrados.

Resultando que consta no expediente informe técnico emitido polo arquitecto municipal, no que se sinala o seguinte:

#### **"2. INFORME SOBRE A SOLICITUDE:**

##### *2.1.- Clasificación e cualificación do solo*

*A clasificación do solo segundo a OUP é **urbano consolidado**.*

##### *2.2.- Datos catastrais*

###### ***local 1***

*referencia:* 3354914PJ1335S0022HQ

*localización:* CI Pastor Díaz 21 Es:E Pl:00 Pt:0A

*clase:* urbano

*uso principal:* comercial

---

## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

## Concello de Viveiro

---

superficie construída: 105,00 m<sup>2</sup>

### **local 2**

referencia: 3354914PJ1335S0023JW

localización: Cl Vicente Cociña 3 Es:E Pl:00 Pt:0B

clase: urbano

uso principal: comercial

superficie construída: 104,00 m<sup>2</sup>

### 2.3.- Descrición do solicitado

Achégase unha memoria descritiva asinada polo arquitecto José Díaz López para a segregación de parte dun local comercial, [local 2], e agrupación ao local adxacente, [local 1]. A tales efectos teranse en conta as superficies reais que segundo se manifesta na memoria coinciden coas rexistrais.

Superficie real: local 1: 102,55 m<sup>2</sup>  
local 2: 101,26 m<sup>2</sup>

Superficie a segregar: local 2: - 29,76 m<sup>2</sup>

Superficie resultantes: **local 1: 131,81 m<sup>2</sup>**  
**local 2: 71,50 m<sup>2</sup>**

### 2.4.- Cumprimento da normativa urbanística

A solicitude achegada polo interesado, enténdese a modo de división xurídica dun local existente e simultánea agrupación ao adxacente. Na documentación non se propón obra algunha de división.

Non se atopa recollido nos supostos referidos da sección 2ª, parcelacións, Lei 2/2016 do solo de Galicia.

### **3. CONCLUSIÓNS:**

Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicábel emítese **INFORME**, nas CONDICIÓNS expresadas nos puntos anteriores"

Resultando que consta no expediente informe xurídico emitido pola Secretaria Xeral, realizando as funcións de técnico xurídico de Urbanismo (ao atoparse vacante dito posto de traballo por xubilación da titular), no que se sinala o seguinte:

"En base aos seguintes FUNDAMENTOS

I.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia establece os actos suxeitos a licenza municipal. Entre outros recolle ue estarán suxeitos a licenza municipal as parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquer calse de solo, cando non formasen parte dun proxecto de reparcelación. No mesmo sentido se pronuncia o artigo 351 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

As parcelacións urbanísticas regúlanse nos artigos 148 e seguintes da LSG. Sinálase que se considerará parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa



## Concello de Viveiro

---

edificación.

Os artigos 366 e seguintes do Regulamento da LSG desenrolan o réxime das parcelacións urbanísticas. O artigo 366 do Regulamento pronúnciase no mesmo sentido que 148 da Lei.

II.- O artigo 26 do Real Decreto legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido de la Ley do Solo e Rehabilitación Urbana, referente á formación de fincas e parcelas, relación entre elas e complexos inmobiliarios, sinala que constitúe finca a unidade de solo ou edificación atribuída exclusiva e excluínamente a un propietario ou varios en proindiviso. Sinalas así mesmo que a división ou segregación dunha finca para dar lugar a dous ou máis diferentes soamente é posible se cada una das resultantes reúne as características esixidas pola lexislación aplicable e a ordenación territorial urbanística. Prevese así mesmo que na autorización de escrituras de segregación ou división de fincas, os notarios esixirán, para o seu testimonio, a aceditación documental da conformidade, aprobación ou autorización administrativa a que esteña suxeita, no seu caso, a división ou segregación conforme á lexislación que lle sexa de aplicación.

III.- A normativa de aplicación que determina a esixencia de licenza para a división ou segregación é a normativa urbanística autonómica, normativa referida no punto primeiro. Segundo se sinalou no fundamento primeiro, tanto na LSG como no seu Regulamento non se prevé a esixencia de licenza urbanística para a segregación solicitada, pois non se refire á "división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación"

O artigo 142 da LSG sinala que "quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e usos do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis". O artigo 360 do Regulamento indica que todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e subsolo non contemplados no artigo 351 (referente aos actos suxeitos a licenza) quedan sometidos ao réxime de comunicación previa. Fai una enumeración dos actos sometidos ao réxime de comunicación previa.

En base aos ANTECEDENTES e FUNDAMENTOS referidos emítese o presente INFORME

Primeiro.- A segregación de parte dun local e agregación a outro solicitada por D. Emilio Casariego Carballés e D<sup>a</sup>. Dolores Vales Taboada en data 19 de setembro de 2017, expte 5323/2017, non contemplándose a realización de obras non estaría en principio suxeita a licenza municipal. Non obstante debe terse en conta que pode non tratarse simplemente do exercizo de facultades inherentes ao dereito de propiedade, senón que a solicitude de segregación e agregación presentada (aínda que o uso de ambos locais é comercial) realízase sobre locais adicados a dúas actividades diferentes (farmacia e tenda de roupa) polo que se entende que estará sometido ao réxime de intervención municipal previsto na normativa urbanística de aplicación, debendo comprobarse que se mantén o cumprimento das características esixidas para ambos locais para o seu uso e actividade, una vez realizada, no seu caso, a segregación solicitada.

Neste sentido enténdese que debe emitirse informe técnico ao respecto de que a segregación e agregación solicitada non afecte ao cumprimento dos requisitos necesarios para que ambos locais podan seguir desenvolvendo a actividade para a cal se entende terán concedida licenza; e requerir, no seu caso, aos solicitantes para a presentación da documentación necesaria. A maior abundamento debería comprobarse se a segregación e agregación plantexada se axusta ao previsto no PEPRI, por atoparse no seu ámbito de aplicación.

Segundo.- Deste xeito, neste momento, coa documentación obrante no expediente, por parte desta informante, e en tanto non resulten aclarados os extremos referidos no punto anterior, non pode conluirse fehacientemente se a solicitude de segregación e agregación presentada se atopa ou non suxeita a intervención municipal.

En todo caso calquer actuación urbanística que se poda producir nos locais de resultado, tales como execución de obras para a división física dos locais aos que afecta a segregación e agregación, cambios de uso, exercicio de actividades,... deberán ser tramitadas de acordo



## Concello de Viveiro

---

*cos procedementos de intervención municipal (licenza ou comunicación previa) establecidos na lexislación urbanística e planeamento municipal."*

Visto que consta no expediente informe técnico emitido pola arquitecta técnica da Oficina de Rehabilitación, que di:

*"Con respecto ó escrito realizado por Dolores Vales Taboada e Emilio Casariego Carballés con data 19 de setembro do ano en curso (n.º rexistro entrada: 2017-E-RC-5871), no que solicita que a licenza de segregación dun local, Ana Coya Guerrero, Arquitecta Técnica-Enxeñeira de Edificación do Casco Histórico de Viveiro, INFORMA QUE:*

- *Que os locais (local 1 e 2) obxecto da segregación/agregación están ubicados dentro dunha mesma edificación con referencia catastral 3354914PJ1335 e polo tanto a solicitude é autorizable polo Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro aprobada en Pleno o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo n.º 233 do 10 de outubro de 1997). Ase mesmo o uso de almacén é un uso permitido polo PEPRI.*

- *Que na Xunta de Goberno Local celebrada o 6 de xuño do ano 2006, Dolores Vales Casariego obtivo licenza de obra para remodelación de farmacia existente (expediente: 139/2006). Nesta solicitude a interesada facilita documentación gráfica onde xa se reflexaba a existencia do almacén obxecto da segregación/agregación.*

- *Que con data 5 de decembro do ano en curso realízase visita de comprobación ás instalacións da farmacia, constando que tanto a ubicación do local segregado (almacén) como as súas características adaptacióne ó presentado pola solicitante, tanto no ano 2006 como na actualidade e que non é necesario realizar ningún tipo de obra para materializar dita segregación.*

- *Ase mesmo constátase que o local denominado como "local 2", e que ata fai pouco tempo foi destinado a comercio de roupa ("Benetton"), cesou a súa actividade atopándose a día de hoxe o establecemento baleiro.*

*CONCLUSIÓN: Considérase que non existe ningún inconveniente de índole técnico para que non se autorice a solicitude realizada por Dolores Vales Taboada e Emilio Casariego Carballés."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e tendo en conta os informes obrantes no expediente, acorda:

Primeiro.- Declarar a innecesariedade de licenza urbanística para a solicitude de segregación presentada.

A segregación de parte da superficie dun local para agregar a outro local local solicitada por D. Emilio Casariego Carballés e D<sup>a</sup> Dolores Vales Taboada co EXPTE. 5323/2017, segundo a normativa urbanística de aplicación referida, non se atopa suxeito a licenza urbanística municipal.

Tendo en conta que a segregación solicitada tampouco supón un acto de ocupación, construción, edificación ou uso do solo e do subsolo, xa que non implica ningunha actuación construtiva, nin o exercicio de actividade ou o cambio de uso (segundo se desprende do informe técnico obrante no expediente, figurando xa ambos locais coa distribución refida no informe técnico, na documentación obrante no expte 139/2006), tratándose exclusivamente dun acto relacionado co exercicio das facultades inherentes ao dereito de propiedade, enténdese que tampouco ten cabida no réxime de





## Concello de Viveiro

---

intervención urbanística mediante comunicación previa. Debe terse en conta que non se prevé a realización de obras de división de locais nin cambio de uso.

Segundo.- Indicarlle ao interesado que, en todo caso calquer futura actuación urbanística que se poda producir nos locais de resultado, tales como execución de obras para a división física do local a segregar e agregar, cambios de uso, exercicio de actividades,... deberán ser tramitadas de acordo cos procedementos de intervención municipal (licenza ou comunicación previa) establecidos na lexislación urbanística e planeamento municipal.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados.

### **6.- PROPOSTAS DE GASTOS.**

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes: EXPTE. 3927/2017.- EXPTE. 4782/2017.- EXPTE. 4798/2017.- EXPTE. 4799/2017.- EXPTE. 5010/2017.- EXPTE. 5011/2017.- EXPTE. 5016/2017.- EXPTE. 5018/2017.- EXPTE. 5019/2017.- EXPTE. 5204/2017.- EXPTE. 5205/2017.- EXPTE. 5398/2017.- EXPTE. 5780/2017.- EXPTE. 6190/2017.- EXPTE. 6200/2017.- EXPTE. 6530/2017.- EXPTE. 6924/2017.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

### **B.- ANULACIÓN PROPOSTA DE GASTO.**

#### **EXPTE. 4706/2016.-**

Visto que en data 20 de marzo de 2017 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a proposta de gasto do expte. 4706/2016.

Resultando que en data 15 de decembro de 2017, o concelleiro de obras presentou un escrito para solicitar a anulación por duplicidade dun RC por importe de 2.311 euros, RC 220170003389.



## Concello de Viveiro

---

Visto que dito escrito ten a conformidade da anulacion da RC por duplicidade da intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Anular, por duplicidade, a aprobación da proposta de gasto do expte. 4706/2016, correspondente ao RC 220170003389.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención para os eu coñecemento e efectos.

### **7.- RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.**

#### **EXPTE. 7029/2017.-**

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 7029/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **8.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

#### **EXPTE. 6228/2017.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE.**

Visto o expediente de contratación CT 20/2017, (expte. 6228/2017) correspondente á tramitación do contrato mediante procedemento negociado sen publicidade da obra denominada "Reposición de firme en camiños de titularidade municipal do Concello de Viveiro-Lugo"

Visto o informe da Secretaría Xeral coa conformidade de Intervención, no que se sinala o seguinte:

*"Visto o expediente de contratación tramitado para o contrato denominado "Reposición de firme en camiños de titularidade municipal do Concello de Viveiro-Lugo".*

*Tendo en conta os seguintes ANTECEDENTES*



## Concello de Viveiro

---

*Por parte de Intervención expídese certificado de RC quedando retido na partida 1532/619 o importe de 80,095, 67 euros.*

*Por parte do Servizo de Contratación redactouse o prego de cláusulas administrativas particulares, elevando logo o expediente a Intervención e a Secretaría para a emisión dos respectivos informes previos á aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local.*

*Segundo se recolle nos pregos de cláusulas administrativas particulares estase ante un contrato menor de obras, debendo tramitarse segundo o establecido no TRLCSP e RLCAP para este tipo de contratos.*

*Tendo en conta ós seguintes FUNDAMENTOS DE DEREITO*

*Segundo o establecido no prego de cláusulas administrativas e no proxecto (segundo a adaptación do proxecto ás condicións establecidas no informe de data 27/9/2017 polo Servizo Provincial de Costas en Lugo), o prezo do contrato ascende a 77.625,24 euros, IVE incluído, polo que se encadra dentro dos supostos previstos nos artigos 171 e 177 do TRLCSP como un contrato que pode adxudicarse por procedemento negociado sen publicidade, consonte ao establecido nos artigos 169 a 171. Tendo en conta a previsión dos artigos 121 e seguintes do TRLCSP, a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión (nos supostos do artigo 125 TRLCSP), aprobación e replanteo do correspondente proxecto, que definirá con precisión o obxecto do contrato. Unha vez aprobado o proxecto, e previamente á tramitación do expediente de contratación da obra, procederase ó replanteo do mesmo. Unha vez realizado o replanteo incorporárase o proxecto ó expediente de contratación, según establece o artigo 126 do TRLCSP. A adxudicación dos contratos de obras require a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto, tal e como establece o artigo 121 do TRLCSP.*

*A tramitación do procedemento negociado deberá levarse a cabo segundo o previsto nos artigos 176 e seguintes do TRLCSP, séndolle de aplicación as previsións xerais para a adxudicación dos contratos recollidas nos artigos 138 e seguintes do TRLCSP.*

*Observado o prego de cláusulas administrativas particulares enténdese que o mesmo conta coas previsións establecidas no artigo 114 e seguintes.*

*Xunto coa aprobación do expediente de contratación débese aprobar o gasto, tal e como recolle o artigo 110 LCSP.*

*Consta no expediente a autorización sectorial do Servizo de Urbanismo de Lugo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.*

*En base ós anteriores antecedentes de feito e fundamentos de dereito esta Secretaría ten a ben emitir o seguinte INFORME*

*PRIMEIRO.- Considérase que os pregos de cláusulas administrativas e o proxecto cumpren co previsto no TRLCSP, segundo as previsións a recoller para este tipo de contratos na mencionada norma.*

*SEGUNDO.- Deste xeito, tras incorporar ó expediente o presente informe de Secretaría e o Informe de Intervención debe aprobarse o proxecto de obra, unha vez rematado o prazo de exposición ó público, tal e como recolle o artigo 134 RGLCAP e procederse ó seu replanteo, logo procederase á aprobación do expediente de contratación, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e os pregos de prescricións técnicas recollidos no proxecto, así como á aprobación do gasto por parte da Xunta de Goberno Local, designando nese momento ou posteriormente polo menos tres empresas ás que solicitar oferta, e coas que proceder ás negociacións dos criterios recollidos no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos especificados no mesmo. Debe designarse así mesmo tamén ao persoal municipal encargado da dirección da obra e, no seu caso, da coordinación de*





## Concello de Viveiro

seguridade e saúde. Deberán cumprirse os condicionantes recollidos na autorización sectorial referida.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto da obra "Reposición de firme en camiños de titularidade municipal do Concello de Viveiro-Lugo (Adaptación do proxecto ás condicións establecidas no informe de data 27/9/2017 polo Servizo Provincial de Costas en Lugo" redactado polo arquitecto D. Santiago Meitín Míguez en xuño de 2017 e adaptación de outubro de 2017, e cun orzamento de execución por contrata de 77.625,24 euros.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación "Reposición de firme en camiños de titularidade municipal do Concello de Viveiro-Lugo" cun orzamento total de 77.625,24 euros, IVE incluído, cun prazo de execución dun mes, así como a aprobación do gasto.

Orzamento base	21% IVE	Orzamento Total
64.153,09 €	13.472,15 €	77.625,24 €

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares polo sistema de procedemento aberto de carácter ordinario.

Cuarto.- Nomear como director da obra ao arquitecto de obras municipal, Santiago Meitín Míguez e como coordinador de seguridade e saúde a D<sup>a</sup>. Irene Fernández Cora.

Quinto.- Solicitar a presentación de ofertas ás seguintes empresas, outorgándolles un prazo de cinco días naturais para a súa presentación, tal e como establece a cláusula dezaseis do prego de cláusulas administrativas particulares, do que se lles adxunta copia:

Denominación empresa	Enderezo
Cholo, S.L. B-27.028.810	Os Freires- Mourence, 1 27800-Villalba (Lugo)
Excavaciones Ramsei, S.L. B-27.146.299	Rúa Alvaro Cunqueiro, 38 Local 1 27800- Foz (Lugo)
Carferlo, S.L. B- 27.227.388	Pol. Ind. De Camba/parcela 56-57 27850-Xove (Lugo)

Sexto.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión e comunicación do presente acordo ó Departamento de Intervención.

## Concello de Viveiro





## Concello de Viveiro

---

### **9.- ROGOS E PREGUNTAS.**

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:00 horas do día 18 de decembro de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.